

# La Voz de Galicia

lavozdeg Galicia.es

## Mancomun.org cumple un ano como punto de encontro do software libre

09/05/2007 | Tecnología

O **organismo**, dependente de Industria, orientou parte da súas forzas a coordinar a tradución duns 70 programas informáticos ao galego.



Redacción dixital |

**Mancomun.org**, a iniciativa da Dirección Xeral de Promoción e Sociedade da Información para promover e difundir o software libre, cumple un ano como axente catalizador dos diferentes proxectos existentes en Galicia. O organismo, que levou a cabo máis de 90 eventos de difusión, orientou parte da súas forzas a coordinar a tradución duns 70 programas informáticos ao galego.

Neste eido destaca o caso do OpenOffice.org, un conxunto de programas de oficina, totalmente na lingua de Rosalía, e que incorpora un corrector ortográfico e, en breve, un gramatical. Segundo informan dende Mancomun máis de 45.000 persoas accederon xa a esta ferramenta.

Xunto a esta iniciativa, Mancomun, orientou a súa actividade, durante os seus doce primeiros meses de vida, en catro direccións: conseguir desenvolver unha industria local de software competitiva, aumentar a produtividade das PEME a través de tecnoloxías innovadoras, introducir as TIC nos centros de ensino e conseguir un importante aforro nos custes tecnolóxicos da administración garantindo ademais a independencia tecnolóxica e o consumo responsable por parte do sector público.

O primeiro ano de vida xa cumpriu obxetivos. Agora, toca seguir na mesma dirección.



Publicidad

Tarifas publicitarias / [publicidad@lavozdeg Galicia.es](mailto:publicidad@lavozdeg Galicia.es)

[ **Contacte con nosotros: [web@lavozdeg Galicia.es](mailto:web@lavozdeg Galicia.es)** ]

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Auditado por

RM de La Coruña: tomo2413, folio84, hojaC-12502

CIF: B-15.482.177